



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2018-2019

O Decreto 254/2012, do 13 de decembro, publicado no DOG do día 26 de decembro, regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, desenvolvido pola Orde do 12 de marzo de 2013, (DOG do 15 de marzo) que foi modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG do 1 de febreiro) para a súa adaptación a diversas disposición con rango de lei e, en particular, para dar o soporte xurídico necesario para implementar a aplicación informática "*admisionalumnado*" no pasado curso 2017/2018.

Para o proceso de escolarización do novo curso 2018/2019 realízanse cambios na xestión coas correspondentes melloras da devandita aplicación informática; melloras que, entre outras, se refiren á estrutura dos formularios normalizados, á oferta das prazas vacantes, e a posibilidade de presentar as solicitudes de reserva de praza en centros de adscrición a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para o normal desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado do curso 2018/2019 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, de conformidade coa Disposición derradeira segunda da Orde do 25 de xaneiro de 2017, resolvo ditar as seguintes

INSTRUCCIÓNS:

1. Proceso de escolarización e prazos

- a) O proceso de reserva e de admisión de alumnado tramitarase mediante a aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), nos prazos que determina a Disposición Adicional Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013.
- b) O prazo de presentación das solicitudes de reserva para un centro de adscrición abranguerá do 1 ao 15 de febreiro de 2018, ambos incluídos.
- c) O prazo de presentación das solicitudes de admisión abranguerá do día 1 ao 20 de marzo de 2018, ambos incluídos.





- d) As instancias presentadas entre o 21 de marzo e o último día do prazo ordinario de matrícula segundo a etapa na que solicita a escolarización, serán consideradas fóra de prazo¹

2. Prazas vacantes e reserva para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- a) O centro educativo configurará a súa oferta de prazas a través de *admissionalumnado*. Unha vez validada a oferta pola inspección educativa publicará, antes do 1 de marzo, as vacantes. Calquera modificación que poida producirse con posterioridade, deberá autorizarse pola inspección educativa.

As prazas vacantes adxudicaranse aos solicitantes seguindo o procedemento que regula a orde. Non obstante, o numero ofertado podería reducirse no caso de que algunha das prazas deba destinarse, con carácter excepcional, a atender necesidades de escolarización por causas extraordinarias reguladas no Capítulo VII (Arts. 44 e seguintes) e, en todo caso, coa data límite na que o centro publique a lista provisional de persoas admitidas e non admitidas segundo o que determina o artigo 30 da orde (antes do 25 de abril).

- b) No 1º curso do segundo ciclo de educación infantil, no 1º curso de educación primaria e no 1º curso da educación secundaria obrigatoria, publicarase o número total de postos que correspondan por unidade ou grupo segundo o artigo 4 da Orde do 12 de marzo de 2013, informando que se reservarán 3 prazas para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que, no caso de non adxudicarse, se asignarán dentro do procedemento ordinario de admisión e, se é o caso, no subsidiario².
- c) Non se considerarán como vacantes as prazas escolares non ocupadas polo alumnado ao que se adxudicaron, cando os proxenitores deberon desprazarse transitoriamente fóra do concello durante o curso, por motivos laborais debidamente acreditados mediante un certificado expedido pola correspondente administración pública ou empresa, e sexa previsible que o alumnado se reincorpore á praza antes de que remate o mesmo curso. Igual criterio se aplicará cando o alumnado realice o curso no estranxeiro.

¹Artigos 15, 34 e D.A. primeira da Orde do 13 de marzo de 2013

²Artigo 39.2 da Orde do 13 de Marzo de 2013.





3. *Solicitudes de reserva de praza e de admisión*

- a) A solicitude de reserva de praza e a solicitude de admisión de alumnado, realizaranse mediante os modelos anexo I (procedemento ED550A) e anexo II (procedemento ED550B), respectivamente. O formulario poderá cumprimentarse na aplicación *admisionalumnado*, ou descargarse e cumprimentarse de forma manual polas familias.
- b) Os devanditos modelos tamén se poderán descargar, e logo cumprimentar, da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>, e da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na dirección <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/21113>.
- c) Os centros educativos facilitarán, de forma gratuíta, unha copia en papel dos formularios ás persoas interesadas que a soliciten.
- d) Os centros tramitarán igualmente as solicitudes que reciban en prazo respecto de niveis educativos nos que inicialmente non existan vacantes.

4. *Formalización das solicitudes de admisión*

- a) A solicitude será única e poderase presentar de forma presencial no centro educativo que a rexistrará, ou de forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*.

A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Logo do remate do devandito prazo a solicitude será vinculante. A duplicidade de solicitudes determinará a escolarización da/o alumna/o conforme ao procedemento subsidiario regulado no Capítulo IV da Orde.

- b) A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.





Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

De constatare no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, deberase requirir á proxenitora ou o proxenitor que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.

De existir unha discrepancia formulada expresamente por escrito pola proxenitora ou polo proxenitor que non asine, non se paralizará o expediente, sen prexuízo de que os feitos se poñan en coñecemento da xefatura territorial para o seu traslado, se é o caso, ao Ministerio Fiscal.

En espera da decisión xudicial, escolarizarase de forma cautelar ao menor no centro docente que corresponda, tendo en conta a solicitude formulada pola proxenitora ou o proxenitor que teña atribuída a garda e custodia e con quen conviva de forma habitual.

5. *Centros de adscrición e prioridade na área de escolarización*

- a) A consideración dos centros públicos adscritos como "*centro único*" aos efectos de aplicación dos criterios de admisión abrangue unicamente ao centro adscrito e ao centro de adscrición do nivel inmediato superior³.
- b) Sinalar que terá prioridade na área de escolarización que corresponda ao domicilio ou ao lugar de traballo dalgún dos seus pais, nais ou titores legais o alumnado cuxa escolarización en centros públicos e privados concertados veña motivada por traslado da unidade familiar debido á mobilidade forzosa de calquera dos pais, nais ou titores, ou a un cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero⁴.

6. *Aplicación dos criterios xerais de admisión de alumnado*

- a) Cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta, o centro abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes, para presentar, de forma presencial no centro, a

³ Artigo 8 da Orde de 12 de marzo de 2013.

⁴ Artigo 84.7 da LOE, redactado polo apartado sesenta e dous do artigo único da L.O. 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.





documentación xustificativa dos criterios xerais de admisión alegados pola persoa solicitante.

Non obstante, no caso de que a persoa o autorizase expresamente na solicitude, consultarase de forma automática a través de *admisionalumnado* e non será necesario acreditar os datos relativos a:

- Domicilio fiscal e renda *per cápita* da unidade familiar
 - Condición de familia numerosa
 - Discapacidade do alumnado, proxenitores, titores ou irmáns recoñecida pola xunta de Galicia
- b) Na valoración do criterio de irmás ou irmáns matriculados en centros educativos públicos, consideraranse os escolarizados no centro adscrito ou no de adscrición no nivel inmediato superior⁵.
- c) Aos efectos da valoración do criterio de proximidade do centro ao domicilio familiar, a certificación do padrón municipal de habitantes expedida polo órgano competente do concello, será o principal medio de acreditación das circunstancias da unidade familiar: o domicilio familiar, os membros da familia que conviven nel e a data de alta na vivenda.
- Toda persoa que resida habitualmente nun concello está obrigada a inscribirse no seu padrón. Polo tanto, non se pode admitir como xustificación que a persoa alegue que está residindo no concello dende hai máis dun ano sen darse de alta no padrón⁶.
- d) Para a valoración da renda *per cápita* da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base impositiva no caso de declaración conxunta, ou á base impositiva de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 392 (base impositiva xeral) e 405 (base impositiva do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2016; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

⁵Artigo 8 da Orde de 12 de marzo de 2013

⁶Artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local





Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2018.

- e) Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2016, que está fixado en 6.390,13 euros.⁷
- f) Para considerar o criterio de proxenitora, proxenitor ou representante legal que traballen no centro, debe existir un vínculo mediante contrato de traballo, relación funcional ou asimilada. Nos centros privados concertados, considerarase asimilada a relación das persoas socias cooperativistas e a da titularidade do centro.
- g) Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.⁸

No caso da familia formada por unha viúva ou un viúvo só debe considerarse monoparental aquela que non teña concedida unha pensión de viuvez nin as/os fillas/os a correspondente de orfandade. Enténdese que tanto a pensión de viuvez como a de orfandade están xeradas polo cónxuxe falecido.

7. Fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares

- a) A fase de adxudicación subsidiaria⁹ de postos escolares será xestionada a través da aplicación informática *admisionalumnado*.
- b) Ao inicio do procedemento a xefatura territorial informará aos centros docentes das solicitudes de admisión que lles afecten.
- c) Valorarase o criterio complementario aprobado polos centros solicitados como segunda opción e seguintes, sempre que estea acreditado no expediente achegado á xefatura territorial. Non obstante, poderase requirir, de forma motivada, a documentación complementaria que se estime necesaria para acreditar a circunstancia alegada, concedendo un prazo de 5 días hábiles para a súa presentación; procederase de igual xeito con calquera outro criterio a valorar.

⁷ D. A. Oitoxésima cuarta Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos xerais do estado para o ano 2016. (BOE do 30 de outubro de 2015)

⁸ Artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

⁹ Artigo 35 e seguintes da Orde do 12 de marzo de 2013





- d) Logo de rematada a adxudicación de prazas ás solicitudes incluídas nesta fase, a xefatura territorial poderá resolver as solicitudes afectadas polo previsto no artigo 34 da Orde tendo en conta as prazas que resulten vacantes.

8. *Empate na puntuación*

En caso de empate na puntuación, aplicaranse sucesivamente os criterios de desempate do artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013. Para os efectos da aplicación destes criterios, se a alumna ou o alumno carece de segundo apelido, o lugar deste será ocupado polo nome.

Conforme ao resultado do sorteo celebrado o día 27 de febreiro de 2018, as letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son "Z" e "T"; así mesmo, afectan ao segundo apelido as letras "C" e "J".

9. *Procedemento extraordinario de admisión*

- a) Aos efectos de tramitar as correspondentes solicitudes que poidan presentarse, enténdese que o proceso extraordinario de escolarización iníciase a partir do día seguinte ao do remate do prazo de matrícula ordinaria establecido para a correspondente etapa e remata ao final do curso 2018/2019.
- b) As solicitudes, formuladas mediante o modelo que se anexa a estas instrucións, presentaranse nas dependencias da xefatura territorial ou dos centros docentes. Os centros remitirán ás xefaturas territoriais as solicitudes que reciban.
- c) A persoa titular da xefatura territorial poderá autorizar un incremento de ata un dez por cento do número máximo de alumnos e alumnas por aula nos centros públicos e privados concertados nos casos establecidos no artigo 44 da Orde do 12 de marzo de 2013.¹⁰

10. *Admisión e formalización da matrícula*

- a) Corresponde á dirección dos centros públicos decidir sobre a admisión de alumnado, previo informe do consello escolar.¹¹

¹⁰ Artigo 44 da Orde do 12 de marzo de 2013.

¹¹ Artigos 127.e) e 132.n) da LOE, redactados polos apartados oitenta e oitenta e un, respectivamente, do artigo único da L.O. 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.





Nos centros privados concertados a decisión corresponde á súa titularidade coa participación do consello escolar.¹²

- b) A matrícula deberá formalizarse mediante a presentación do correspondente modelo anexo III da Orde do 12 de marzo de 2013.
- c) Todas as anotacións relativas á fase de matrícula serán realizadas polos centros educativos en XADE.
- d) Deberá presentar o formulario de matrícula o alumnado ao inicio da escolarización: 4º de educación infantil ou 1º de educación primaria. O alumnado xa escolarizado no sistema educativo, presentará o documento cando:
 - Curse a ESO ou bacharelato nun centro no que ten garantía de permanencia.
 - Inicie a correspondente etapa educativa procedente dun centro adscrito, conforme ao dereito de prioridade.
 - Cambie voluntariamente de centro.
- e) Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en educación infantil e primaria sen cambio de centro non é necesario presentar o formulario.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente polo

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

¹² Artigo 57.c) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.





SOLICITUDE **PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SUSTENTADOS CON FONDOS PÚBLICOS**

DATOS DO/A ALUMNO/A SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					

DATA DE NACEMENTO	SEXO	
	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller

DATOS DO/A PROXENITOR/A							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS DO/A PROXENITOR/A							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
------	--	------------------	--	-----------------	--	-----	--

ENDEREZO (alternativo, só se non coincide co anterior)

TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					

MOTIVO DA SOLICITUDE DE ESCOLARIZACIÓN E/OU CAMBIO DE CENTRO DOCENTE

- Incorporación tardía ao sistema educativo
- Traslado de domicilio **con cambio de localidade**
- Inicio dunha medida de acollemento familiar
- Traslado de centro durante o curso sen cambio de localidade
- Outras:

CENTRO DOCENTE (no que solicita a admisión)

NIVEL	CURSO					
<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN PRIMARIA	<input type="checkbox"/> 1º	<input type="checkbox"/> 2º	<input type="checkbox"/> 3º	<input type="checkbox"/> 4º	<input type="checkbox"/> 5º	<input type="checkbox"/> 6º
<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	<input type="checkbox"/> 1º		<input type="checkbox"/> 2º		<input type="checkbox"/> 3º	<input type="checkbox"/> 4º
<input type="checkbox"/> BACHARELATO	CURSO		MODALIDADE			
	<input type="checkbox"/> 1º	<input type="checkbox"/> 2º	<input type="checkbox"/> Ciencias	<input type="checkbox"/> Humanidades e ciencias sociais		<input type="checkbox"/> Artes





ANEXO (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- 1. Que no ano académico actual, o alumnado esta cursando os estudos correspondentes a curso de no centro
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- DNI ou NIE da persoa proxenitora ou representante legal que asine a solicitude
- DNI ou NIE da outra persoa proxenitora que asine a solicitude, en caso de separación legal ou divorcio con custodia compartida
- Copia completa do libro ou libros de familia
- Sentenza de separación xudicial ou divorcio ou convenio regulador, de ser o caso
- Incorporación tardía ao sistema educativo: certificación académica de reunir os requisitos esixidos no nivel que solicita
- Traslado de domicilio con cambio de localidade: Escritura de compra, contrato de alugueiro ou calquera outro título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como novo domicilio habitual; contrato de alta nas subministracións de auga e luz
Certificado de convivencia das persoas proxenitoras ou representantes legais e o alumnado no novo domicilio familiar
- Inicio dunha medida de acollemento familiar: resolución xudicial ou administrativa acreditativa da situación de tutela, garda ou do acollemento familiar permanente ou preadoptivo

OUTRA DOCUMENTACIÓN :

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a:sxt.cultura.educacion@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG núm. 245, do 26 de decembro)
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato

Table with 2 columns: SINATURA DO/A PROXENITOR/A OU REPRESENTANTE and Lugar e data. Includes fields for signature and date.

